

ANEXO I: PROVIDENCIA DE INICIO DE EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN

| | |
|--------------------------|---|
| NUMERO EXPEDIENTE | 2022003542 |
| ASUNTO | INICIO EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DE SEGURO DE RESPONSABILIDADE CIVIL PATRIMONIAL DA DEPUTACION DE PONTEVEDRA E ESCOLA UNIVERSITARIA DE ENFERMERIA 2022 |
| TRÁMITE | Incoación do expediente |

O Deputado Delegado de da Área de Réxime Interior, Economía, Facenda e ORAL, en virtude das competencias delegadas da Presidencia en materia de contratación, dita a seguinte PROVIDENCIA:

O art. 116 da Lei de Contratos do Sector Público (en diante LCSP), dispón a celebración dos contratos das Administracións Públicas requirirá a previa tramitación do correspondente expediente, que se iniciará motivando a necesidade do contrato nos termos previstos no art. 28 LCSP

1. NECESIDADE E IDONEIDADE*

ANTECEDENTES:

A Xunta de Goberno da Deputación, en sesión do 26 de novembro de 2021 aprobou o expediente para a contratación, mediante procedemento aberto simplificado, do seguro de Responsabilidade Civil e Patrimonial da Deputación de Pontevedra e a Escola Universitaria de Enfermería para o exercicio 2022, aprobando tamén os pregos de cláusulas económico-administrativas particulares e de prescricións técnicas da referida contratación.

Rematado o prazo para a presentación de ofertas, a Mesa de Contratación, en sesión celebrada o día 30 de decembro de 2021, procedeu á apertura electrónica dos sobres únicos correspondente á documentación administrativa e técnica a presentar polas empresas participantes no procedemento, e comprobou que non se presentou ningunha oferta, polo que propuxo ó organo de contratación declarar deserto o procedemento.

A Xunta de Goberno, en sesión sesión do 24 de xaneiro de 2022 acordou aceptar a proposta da Mesa de Contratación e declarou deserto o procedemento de contratación do seguro de Responsabilidade Civil.

Analizadas polo servizos técnicos da Deputación as causas da non presentación de ofertas por parte das aseguradoras a dito procedemento, concluíuse que a situación actual do mercado asegurador se define como "mercado duro" caracterizado por fortes incrementos das taxas asociados a reducións de capacidades e coberturas motivado fundamentalmente por un menor retorno das inversións, incrementos das frecuencias, gravidade dos siniestros, cambios legislativos con maiores exixencias ás aseguradoras, etc. Ademáis disto hai que engadir que a crise provocada pola pandemia do COVID19 provocou unha incertidumbre e rexeitamento das aseguradoras a asumir riscos relacionados coa responsabilidade civil, tanto no ámbito da administración pública, como tamén nas empresas privadas. De xeito máis concreto en relación coas condicións específicas do contrato de seguro licitado pola Deputación, os principais motivos polos que as aseguradoras non mostraron interese foron as seguintes:

1º- unha prima de licitación insuficiente para o obxecto do contrato, e importe baixo da franquía exixida



2º- un exceso de coberturas de garantías mínimas exixidas nos riscos, e

3º - unha falta de exclusións de coberturas consideradas necesarias para poder licitar (exclusión por riscos cibernéticos, enfermidades transmisibles (COVID...), contaminación etc

Unha vez revisadas as condicións que se estableceron no procedemento declarado deserto, revisáronse as condicións exixidas no anterior procedemento e un incremento da prima de licitación para adaptar á situación actual do mercado asegurador anteriormente descrita co fin de convocar un novo procedemento de contratación no que as aseguradoras mostren interese en presentar ofertas.

NECESIDADE E IDONEIDADE:

A necesidade e idoneidade deste contrato ven motivada pola propia actividade da Deputación require dispoñer dun seguro que ampare as consecuencias económicas derivadas da responsabilidade civil e patrimonial establecida no artigo 106.2 da Constitución, e no capítulo IV da Lei 40/2015 de LRJSP, no exercicio das competencias da Deputación de Pontevedra e a Fundación Escola Universitaria de Enfermería, segundo a normativa vixente, que durante a vixencia deste seguro poda corresponder directa, subsidiaria ou solidariamente ao asegurado por danos corporais ou materiais e prexuízos consecuenciais ocasionados a terceiros, tanto no exercicio da súa actividade, como na explotación, uso ou utilización dos medios materiais e patrimonio que posúa por calquera título xurídico.

Neste senso, aínda que non existe unha obriga legalmente imposta, resulta conveniente a suscripción deste seguro, a través do cual, ademáis de cubrir o risco indicado, se plasma a vontade corporativa de garantir a estabilidade na execución orzamentaria primando deste xeito a utilidade pública do aseguramento, ó satisfacer de forma directa ou inmediata unha finalidade pública da específica competencia provincial, por resultar vinculada a actividade desta Administración. Por outra banda, cabe engadir o esencial rol na economía que xoga o sector financeiro en particular o sector asegurador do que deriva a súa importancia e establecemento dos mecanismos tendente á súa ordenación e supervisión. Así, dacordo coas previsións contidas na Lei 20/2015 de 14 de xullo de ordenación supervisión e solvencia das entidades aseguradoras só poden operar no sector en concepto de asegurador aquelas entidades autorizadas para realizar actividades de seguro.

2. SERVIZO SOLICITANTE*:

| | |
|---------------------------------|--|
| Centro xestor: | Contratación, Facenda e Patrimonio |
| Responsable do contrato: | O técnico adxunto á xefatura do servizo de Contratación, Facenda e Patrimonio. |

3. OBXECTO DE CONTRATACIÓN E DIVISIÓN EN LOTES*:

| | |
|----------------------------------|---|
| Denominación do contrato: | SEGURO DE RESPONSABILIDADE CIVIL PATRIMONIAL DA DEPUTACION DE PONTEVEDRA E ESCOLA UNIVERSITARIA DE ENFERMERIA |
|----------------------------------|---|



| | | |
|---------------------------|---|--|
| Obxecto e contido: | Contratación dun seguro de responsabilidade civil/patrimonial da Deputación de Pontevedra e a Escola Universitaria de Enfermería de Pontevedra que ampare as consecuencias económicas derivadas da responsabilidade civil e patrimonial establecida no artigo 106.2 da Constitución, e no capítulo IV da Lei 40/2015 de LRJSP, no exercicio das súas competencias, segundo a normativa vixente, que durante a vixencia do seguro poda corresponder directa, subsidiaria ou solidariamente ao asegurado por danos corporais ou materiais, prexuízos consecuenciais e prexuízos patrimoniais puros ocasionados a terceiros, tanto no exercicio da súa actividade, como na explotación, uso ou utilización dos medios materiais e patrimonio que posúa por calquera título xurídico. | |
| CPV: | 66516000-0 | |
| Lotes | <input type="checkbox"/> SI | |
| | <input checked="" type="checkbox"/> NON: | <u>Xustificación:</u> o obxecto do contrato carece de fraccións que gocen de sustentividade propia sendo necesario por razóns operativas e técnicas que sexa unha única póliza a que contemple todas as condicións de seguro de RC |

4. TRAMITACIÓN PROPOSTA*:

| | | |
|--|---|--|
| Tramitación proposta: | <input type="checkbox"/> ORDINARIA <input checked="" type="checkbox"/> URXENTE No caso de tramitación urxente, motivación: <div style="border: 1px solid black; padding: 5px; margin-top: 5px;"> Xustifícase a urxencia en é preciso acelerar este contrato por quedar deserto o anterior procedemento licitado e tratarse dunha necesidade inaplazable para a Deputación que precisa dispoñer da cobertura do seguro de Responsabilidade Civil para minimizar o risco económico de posibles continxencias e siniestros relacionados coa súa actividade </div> | |
| Tramitación anticipada: | <input type="checkbox"/> SI <input checked="" type="checkbox"/> NON | |
| Incluído no plan anual de contratación: | <input type="checkbox"/> SI <input checked="" type="checkbox"/> NON | |

5. FINANCIACIÓN*:

| Anualidade | Aplicación orzamentaria | Importe total (co IVE) |
|---------------------|-------------------------|------------------------|
| 2022 ⁽¹⁾ | 22/922.9330.224.01 | 120.000,00 € |



(1) Aplícase a totalidade do gasto do contrato á anualidade 2022 debido a que as primas dos seguros deben aboarse de xeito anticipado no momento da suscripción do seguro e por anualidade completa

6. PRAZO DE EXECUCIÓN/DURACIÓN*:

| | |
|--|---|
| Prazo de execución/duración do contrato: | Prazo de duración: 1 ano (12 meses) a contar desde a data de formalización do contrato. |
| Posibles prórrogas nos contratos de duración: | <input type="checkbox"/> SI <input checked="" type="checkbox"/> NON |

7. ORZAMENTO BASE DE LICITACIÓN:

| CONCEPTO | CUSTO |
|--|--------------|
| 1. Prima total anual ⁽¹⁾ | 120.000,00 € |
| TOTAL | 120.000,00 € |

⁽¹⁾ A **prima total anual** inclúe todos os conceptos: prima neta + Imposto sobre Primas Seguros (IPS)+ resto impostos repercutibles + recargo consorcio compensación de seguros + outros gastos legalmente repercutibles que foran de aplicación.

XUSTIFICACIÓN DOS PREZOS*

A prima total anual do seguro estableceuse do seguinte xeito: En primeiro lugar analizáronse as características actuais do mercado asegurador, identificado no momento actual como “mercado duro” dentro do ciclo do mercado de seguros, caracterizado por fortes incrementos das taxas de prima e franquicias. En segundo lugar, se revisaron os importes das últimas licitacións similares recentes doutras administracións públicas. A este respecto os importes de prima adxudicados corresponden á prima total, no que se inclúen os impostos que supoñen un 8% da prima neta. En terceiro lugar, se analizaron as coberturas e os límites de risco que se exigen para os diferentes tipos de risco en comparación con outras licitacións similares. Por último, analizáronse os importes de pagos e reservas da siniestralidade da póliza de seguro do contrato actualmente vixente producidos no período 2018-2021, que alcanzou un importe aproximado de siniestralidade de 400.000 € nos catro anos, o que supón unha media anual de 100.000 €. Respecto a este apartado, as aseguradoras para calcular si a prima se encuentra dentro do seu punto de equilibrio calculan que a siniestralidade non supere o 50% da prima neta descontando os gastos de xestión. En base esta análise estableceuse unha prima de licitación de 120.000,00 €, que se considera adecuado ós prezos de mercado asegurador actual en base á análise indicada e coa finalidade que as empresas licitadoras podan presentar ofertas á baixa.



RÉXIMEN DE PAGOS*:

O pago da prima total anual realizase unha vez formalizado o contrato, dentro do prazo máximo de trinta días contados a partir do día seguinte ó de presentación da factura pola empresa adxudicataria por medios electrónicos. Con todo, si a factura e documentación presentada presentara algún defecto, devolverase ó contratista para a súa corrección, non iniciándose o prazo sinalado ata que se presente a factura e documentación debidamente subsanadas.

8. CLASIFICACIÓN DE CONTRATISTAS*:

| | |
|--|--|
| <input type="checkbox"/> Obras (arts. 25 e 26 RD 1098/2001) | Grupo ____ Subgrupo ____ Categoría ____ |
| <input type="checkbox"/> Servizos (arts. 37 e 38 RD 1098/2001) | <input type="checkbox"/> SI: Grupo ____ Subgrupo ____ Categoría ____ |
| | <input type="checkbox"/> NON: O código CPV propio do obxecto do contrato non ten correspondencia con ningún dos grupos ou subgrupos de clasificación vixentes, segundo o Anexo II do RD 1098/2001. |
| <input checked="" type="checkbox"/> Non procede | (Outros contratos ou para o caso de tramitación por procedemento aberto simplificado abreviado) |

9. MEDIOS DE ACREDITACIÓN DA CAPACIDADE , SOLVENCIA ECONÓMICA E FINANCIERA*:

| | |
|--|--|
| Habilitación empresarial ou profesional específica | <input checked="" type="checkbox"/> SI. <u>Habilitación profesional</u> : As empresas deberán ser entidades aseguradoras comprendidas no ámbito de aplicación do Ley 20/1015 de ordenación, supervisión y solvencia de las entidades aseguradoras y reaseguradoras e contar con autorización administrativa establecida nos artigos 20 e 21 de dita lei para operar en seguros de responsabilidade civil, así como dispoñer de organización, elementos personais e materiais suficientes para a debida execución do contrato. Para acreditar esta habilitación deben presentar unha certificación de que a entidade aseguradora está inscrita no Rexistro Administrativo de entidades Aseguradoras y Reaseguradoras da Dirección General de Seguros y fondos de Pensiones con autorización precisa no ramo da Responsabilidade civil |
| | <input type="checkbox"/> NON |



SOLVENCIA ECONÓMICO-FINANCIERA

O aplicable en defecto de previsión: Deberase acreditar un **volumen anual de negocios**, referido ao mellor exercicio dentro dos tres últimos dispoñibles en función das datas de constitución e de inicio de actividades da empresa licitadora e de presentación das ofertas, por un importe igual ou superior una vez e media o valor estimado do contrato :**180.000,00 €** (1,5 x 120.000,00 €)

Outros

Determinación:

Xustificación:

Non procede

(Tramitación para procedemento aberto simplificado abreviado)

SOLVENCIA TECNICA

O aplicable en defecto de previsión: Considerarase solvente a empresa licitadora que acredite haber realizado contratos de seguros de igual ou similar natureza nos últimos tres anos por importe acumulado no ano de maior execución sexa igual ou superior ó 70% da anualidade media do contrato: **84.000,00 €** (70% x 120.000,00 €)

Outros

Determinación:

Xustificación:

(Tramitación por procedemento aberto simplificado abreviado)

COMPROMISO DE MEDIOS
10. CRITERIOS DE ADXUDICACIÓN:

| | |
|-----------------------|--|
| Criterio 1: | Menor prezo ofertado de prima total anual: max. 65 puntos |
| Xustificación: | Se xustifica este criterio en que un menor prezo do contrato supón un menor gasto para a Deputación o que implica un aforro económico para o organismo provincial |
| Criterio 2: | Reducción de franquía xeral por sinistro: max. 15 puntos |
| Xustificación: | O prego establece unha franquía xeral por sinistro de 3.500 €, o que significa que todos aqueles sinistros por importe inferior non serán asumidos pola aseguradora. A través deste criterio se pretende obter |



| | |
|-----------------------|--|
| | o menor importe de franquía posible co fin de que a aseguradora asuma o maior numero posible de sinistros de baixa cuantía e non teñan que ser asumidos pola Deputación con cargo ó seus propios orzamentos. |
| Criterio 3: | Porcentaxe de incremento do capital asegurado por sinistro e anualidade na cobertura de Responsabilidade Civil Xeral sobre o mínimo exixido: max. 10 puntos |
| Xustificación: | Os pregos establecen un capital asegurado mínimo de 5.000.000,00 € en dita cobertura, sendo dito importe o límite máximo que se fará cargo a aseguradora por sinistro e anualidade. A través deste criterio se pretende elevar dito límite co fin de que obter un maior importe de cobertura para dito risco |
| Criterio 4: | Porcentaxe de incremento do capital asegurado de sublímite por vítima en Responsabilidade Civil Patronal sobre o mínimo exixido: max: 5 puntos |
| Xustificación: | Os pregos establecen un capital asegurado mínimo de 600.000,00 € en dito sublímite, sendo dito importe o máximo que se fará cargo a aseguradora . A través deste criterio se pretende elevar dito importe co fin de que obter unha maior cobertura para dito sublímite |
| Criterio 5: | Inclusión da cobertura de Responsabilidade Civil Publicitaria: max: 2,5 puntos |
| Xustificación: | xustifícase este criterio para obter unha mellora nas coberturas do seguro. A través desta cobertura se pretende cubrir posibles reclamacións relacionadas coa actividade publicitaria realizada en medios de comunicación que teñan como consecuencia danos ou perxuízos materiais acreditados, así como danos morais sempre que trasciendan o repercutan na esfera patrimonial do prexudicado. |
| Criterio 5: | Inclusión da cobertura de Responsabilidade Civil de protección de datos: max. 2,5 puntos |
| Xustificación: | xustifícase este criterio para para obter unha mellora nas coberturas do seguro. A través desta cobertura se pretende cubrir posibles reclamacións relacionadas co incumprimento das obrigacións de protección de datos de carácter persoal que establecen a Lei Orgánica 3/2018 de 5 de decembro de Protección de Datos Personales y garantía de los derechos digitales, o Real decreto 994/99, de 11 de xuño, o Regulamento Xeral Europeo de Protección de Datos 2016/679 e a Lei Orgánica de Protección de Datos de Carácter Persoal ou calquera outra norma legal posterior que regule esta materia. |



11. DETERMINACIÓN DO VALOR ANORMAL CON PLURALIDADE DE CRITERIOS:

Para a identificación dunha oferta como anormal no seu conxunto terase en conta, a parte do prezo, estes criterios que teñen transcendencia económica:

Basease a determinación da desproporcionalidade exclusivamente no criterio do prezo, xa que os demais criterios non se consideran trascendentes para estes efectos

12. PENALIZACIÓNS:

| INCUMPRIMENTO PARCIAL OU CUMPRIMENTO DEFECTUOSO DA PRESTACIÓN: | PENALIDADE: |
|---|--|
| Falta leve: non atender ao requirimento da Administración ante calquera incumprimento das condicións establecidas nos pregos ou na oferta. | 10 % do importe da prima neta de seguro total correspondente a unha mensualidade |
| Falta grave: cometer dúas faltas leves sobre as que existira resolución firme en vía administrativa. | 30 % do importe da prima neta de seguro total correspondente a unha mensualidade ou resolución, á vista da proposta da persoa responsable do contrato. |
| Falta grave: non atender o requirimento da Administración para reparar a circunstancia que provocou a penalización por unha falta leve. | 30 % do importe da prima neta de seguro total correspondente a unha mensualidade ou resolución, á vista da proposta da persoa responsable do contrato, ademais da sanción imposta pola comisión da falta leve. |
| Incumprimento das condicións especiais e esenciais. | 30 % do importe do importe da prima neta de seguro total correspondente a unha mensualidade e/ou resolución cando teñan carácter esencial. |

13. ESTRUTURA E DOCUMENTACIÓN A PRESENTAR COA OFERTA:

As ofertas do presente procedemento de contratación avaliaranse exclusivamente con criterios obxectivos, polo que non se exige a presentación de oferta técnica avaliábel mediante xuízos de valor



14. OUTRAS CLAÚSULAS:

DESIGNACION DUN CORREDOR DE SEGUROS:

As empresas licitadoras deberán designar un **corredor de seguros**, que cumpla os requisitos establecidos no artigo 27 da Lei 26/2006 de 17 de xullo de Mediación de Seguros y Reaseguros Privados, o cal durante a vixencia do contrato realizará o labor de mediación e interlocución entre a Deputación e a aseguradora, obrigándose a facilitar á primeira en calidade de tomador do seguro toda a información que reclame en caso de sinistro e a prestar a súa asistencia e asesoramento.

As comunicacións que realice a Deputación ao corredor de seguros durante a execución do contrato entenderanse realizadas á compañía aseguradora adxudicataria do contrato e os servizos prestados por parte do corredor non suporán ningún coste adicional para a Deputación

Considerando. - O establecido no artigo 73 do Real decreto 1098/20001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas (RXLCAP), e en cumprimento dos principios establecidos no artigo 28 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, deberá determinarse con precisión a necesidade que pretende cubrirse, así coma a idoneidade do obxecto e contido do contrato para satisfacelas.

Considerando. - Que por Resolución da Presidencia de data 1 de agosto de 2019, modificada pola Resolución Presidencial 2020003407 de data 28/05/2020, delegáronse o inicio dos expedientes de contratación para obras, servizos e subministracións nas súas respectivas áreas,

DISPOÑO:

Primeiro.- Iniciar ou expediente para a contratación de SEGURO DE RESPONSABILIDADE CIVIL PATRIMONIAL DA DEPUTACION DE PONTEVEDRA E ESCOLA UNIVERSITARIA DE ENFERMERIA, por estimarse xustificada a súa necesidade para atender as demandas do interese público que a Deputación ten atribuídas.

Segundo.- Remitir ao servizo de Contratación a seguinte documentación para que se prepare o pertinente expediente e elévese ao órgano de contratación para a súa aprobación.

- **Documento contable RC (retención de crédito)** certificando a existencia de crédito adecuado e suficiente para levar a cabo a contratación
- **Prego de prescricións técnicas (PPT)** e anexos

Asinado electronicamente ao marxe.

